



AGORA TOCA...

Curso Escolar
2016 - 2017

 Axuda en
Acción

Foto: Salva Campillo / Aen

Agora Toca... no teu centro de ensinanza!

Agora Toca... é o programa educativo que Axuda en Acción está a levar a cabo no teu cole. As comunidades educativas abren unha xanela a outro mundo que lle permite aos seus alumnos coñecer diferentes culturas, costumes e realidades nas que viven moitas persoas.

Durante o curso 2016-2017, o alumnado aprenderá a reflexionar sobre temas como as desigualdades, os dereitos da infancia e, en especial, o dereito á educación ou a resolución de conflitos para promover a convivencia nas aulas.

Agora Toca...



É FLEXÍBEL

Cada centro ou aula pode elixir que, como e cando o traballa.



Dispón de MATERIAIS ADAPTADOS POR IDADES

Desde a primeira etapa de Infantil ata Secundaria.



Ofrece MATERIAIS EN DISTINTOS IDIOMAS

Todos os idiomas do Estado e inglés.



Propostas para promover ACCIÓNS DE APOIO

Dirixidas aos nosos proxectos educativos.



Os materiais inclúen fichas para traballar EN FAMILIA

Para reforzar o reflexionado na aula.

Pono en marcha na túa aula. Explicámosche como facelo!



Podes coñecer todo sobre o programa educativo Agora Toca... no noso blogue: programaeducativo.ayudaenaccion.org



DESCARGA OS MATERIAIS que máis che interesen.

Para este curso, o equipo educativo faivos unha proposta de actividades publicadas no noso blogue, mais tamén atoparedes outras temáticas e recursos lúdicos que poden ser do voso interese.



COMPARTE A TÚA EXPERIENCIA.

Anímate a contarnos como os estades a traballar e a compartilo cos outros centros enviando a información a educacion@ayudaenaccion.org.



O blogue é o espazo no que compartimos todas as **NOVAS** relacionadas co eido educativo e a solidariedade.

Pode ser unha boa fonte para que o teu alumnado coñeza diferentes realidades e descubra o valor de colaborar para construír un mundo máis xusto.



EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO EN AXUDA EN ACCIÓN

Axuda en Acción ten entre as súas liñas estratéxicas de intervención a Educación para o Desenvolvemento, concibíndoa coma un proceso creativo, dinámico e participativo para a formación integral das persoas, centrado no ser humano e encamiñado a promover un espírito perante a análise das causas das desigualdades e a pobreza. Os principios que sosteñen a nosa concepción da Educación para o Desenvolvemento son: proceso de aprendizaxe activo, creación de cidadanía crítica e visión de transformación e compromiso social.

Entendemos que a Educación para o Desenvolvemento é un proceso de aprendizaxe activo, encamiñado a: promover o coñecemento da realidade mundial; facilitar a mobilización e a participación activa desde o local en busca da transformación social e a contribuír á construción dunha cidadanía crítica global, que adquiera o compromiso de actuar de xeito corresponsable para acadar o cumprimento dos Dereitos Humanos e o logro da xustiza social.

Segue todas as novidades de Agora Toca... en:



ayudaenaccion.org/ahoratoca



EducacionAeA



@EducacionAeA



Contacta co equipo educativo en:
educacion@ayudaenaccion.org
ou chama ao teléfono **900 85 85 88**.